



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de cultura, igualdade e dereitos civís

Expediente: 2025000033964

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCIONES CORRESPONDENTES AO PROGRAMA FO301: PROGRAMA DE SUBVENCIONES A EMPRESAS DE PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN AUDIOVISUAL PARA O APOIO Á DISTRIBUCIÓN, COMERCIALIZACIÓN E EXHIBICIÓN AUDIOVISUAL EN LINGUA GALEGA NA PROVINCIA DA CORUÑA DURANTE O ANO 2026

DON **XOSÉ REGUEIRA VARELA**, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña,

Mediante resolución da Presidencia número 30320 do 7 de xullo de 2026, que foi publicada no BOP do 20 de xullo de 2026, concedeuse de forma provisional, as subvencións da convocatoria FO301: Programa de subvencións a empresas de produción e distribución audiovisual para o apoio á distribución, comercialización e exhibición audiovisual en lingua galega na provincia da Coruña durante o ano 2026, abrindo un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes puidesen comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación, presentar alegacións ou emenda de erros. Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se formulase desistencia expresa, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

Durante o prazo de alegacións concedido, as seguintes entidades presentaron a desistencia da solicitude, así como aclaracións e emendas de erros:

- A entidade ACARINO FILMS presentou a desistencia da solicitude correspondente ao expediente 2026000008155, relativa ao filme *Diario de Alén Mar*.
- As entidades que figuraban no Anexo III de subvencións concedidas provisionalmente con carácter condicionado presentaron as aclaracións e a documentación requirida, agás a entidade ARTYC CONTENT, S.L., que non acredita o cumprimento do requirido no citado Anexo III.

Vistos o informe do Servizo de cultura, igualdade e dereitos civís e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

Primeiro.- Admitir a desistencia de solicitude presentada pola entidade ACARINO FILMS correspondente ao expediente 2026000008155, relativa ao filme *Diario de Alén Mar*.

Segundo.- Aprobar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa FO301: Programa

**RPT-24173705

de subvencións a empresas de produción e distribución audiovisual para o apoio á distribución, comercialización e exhibición audiovisual en lingua galega na provincia da Coruña durante o ano 2026, aos entidades sen animo de lucro seguintes:

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ACARINO FILMS NIF: B72674609 Cod. Exp.: 2026000008190 Obxecto: Distribución A Coruña "Ao Oeste, En Zapata"	4.191,75	0,4995	8.391,89
Beneficiario: ANIMALA ESTUDIO AUDIOVISUAL, SOCIEDAD LIMITADA NIF: B55430599 Cod. Exp.: 2026000008267 Obxecto: Estrea en VOS en galego do filme na provincia d'A Coruña	9.238,08	0,7500	12.317,44
Beneficiario: BAÑOS FILMS, S.L. NIF: B36630358 Cod. Exp.: 2026000008117 Obxecto: Proxecto de distribución e comercialización de "Kiro" na provincia da Coruña.	14.400,00	0,7500	19.200,00
Beneficiario: FILMIKA GALAIKA, S.L. NIF: B70231956 Cod. Exp.: 2026000008101 Obxecto: SOLICITUDE PARA O APOIO Á DISTRIBUCIÓN, COMERCIALIZACIÓN E EXHIBICIÓN AUDIOVISUAL EN LINGUA GALEGA NA PROVINCIA DA CORUÑA DURANTE O ANO 2026 (FO301/2026) DA PELÍCULA ONTE A NOITE CONQUISTEI TEBAS	10.400,00	0,5899	17.630,11
Beneficiario: FILMIKA GALAIKA, S.L. NIF: B70231956 Cod. Exp.: 2026000008100 Obxecto: SOLICITUDE PARA O APOIO Á DISTRIBUCIÓN, COMERCIALIZACIÓN E EXHIBICIÓN AUDIOVISUAL EN LINGUA GALEGA NA PROVINCIA DA CORUÑA DURANTE O ANO 2026 (FO301/2026) DA PELÍCULA KRAKATOA	6.300,00	0,5041	12.497,52
Beneficiario: FRIDA FILMS, S.L. NIF: B70172499 Cod. Exp.: 2026000007901 Obxecto: Subvención para a distribución do filme "Os Invitados" na provincia da Coruña	10.400,00	0,6667	15.599,22

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: MARTELA FILMS, S.L. NIF: B04968400 Cod. Exp.: 2026000008250 Obxecto: Distribución e exhibición curtametraxe documental QUINTANA MARTELO	6.930,00	0,7500	9.240,00
Beneficiario: MARUXIÑA FILM COMPANY, S.L. NIF: B70222724 Cod. Exp.: 2026000008057 Obxecto: Proxecto de distribución e comercialización: Así chegou a noite, na provincia da Coruña.	10.400,00	0,7444	13.970,98
Beneficiario: MATRIUSKA PRODUCCIONES, S.L. NIF: B36486140 Cod. Exp.: 2026000008003 Obxecto: Solicitud de axuda para a comercialización e estrea do documental Hoxe e o resto do mundo na provincia da Coruña	5.200,00	0,7390	7.036,54
Beneficiario: MATRIUSKA PRODUCCIONES, S.L. NIF: B36486140 Cod. Exp.: 2026000007980 Obxecto: Solicitud de axuda para a comercialización e estrea do filme O pesadelo das vacas	10.400,00	0,7423	14.010,51
Beneficiario: PAZIENZA SIGNO, LAURA NIF: 54380857W Cod. Exp.: 2026000008114 Obxecto: Distribución, promoción e exhibición en salas do documental Todo pode esperar, dirixido por Borja Casal	3.730,23	0,7500	4.973,64
Beneficiario: REBORDELOS, S.L. NIF: B70544010 Cod. Exp.: 2026000008106 Obxecto: Distribución, promoción e difusión do filme Despois das cidades na provincia da Coruña	10.400,00	0,7500	13.866,67
Beneficiario: ROMERO SUAREZ, BRAIS NIF: 32684868M Cod. Exp.: 2026000008172 Obxecto: Distribución do filme Fomos ficando sós en salas na provincia de A Coruña	7.176,00	0,7450	9.632,21

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ROMERO SUAREZ, BRAIS NIF: 32684868M Cod. Exp.: 2026000008204 Obxecto: Estrea en salas da provincia de A Coruña do filme Deuses de Pedra	3.760,68	0,7400	5.082,00
Beneficiario: UNDODEZ PRODUCTIONS, S.L. NIF: B72930191 Cod. Exp.: 2026000008266 Obxecto: Axuda para a distribución do documental 'Ao son da nova regueifa'	10.400,00	0,3900	26.666,67
Beneficiario: ZEITUN FILMS, S.L. NIF: B70237581 Cod. Exp.: 2026000008205 Obxecto: TRALOVENTO - longametraxe ficción - Axuda de distribución provincia A Coruña	10.400,00	0,7400	14.054,05

Número de solicitudes concedidas: 16

Total concedido: 133.726,74 €.

Terceiro.- Considerar como definitivos os orzamentos modificados de oficio naqueles casos que incluían gastos non subvencionables segundo a convocatoria. Os solicitantes poden consultar os orzamentos definitivos accedendo ao expediente telemático.

Cuarto.- Autorizar ás entidades que o solicitaron para que poidan concertar a execución do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria e no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (O importe subvencionable non pode exceder do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos términos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario).

Quinto.- Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3343/479, por importe de: 133.726,74 €

Anular o saldo sobrannte no documento contable A e no correspondente RC, por economía na concesión das subvencións

Sexto.- Denegar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa FO301: Programa de subvencións a empresas de produción e distribución audiovisual para o apoio á distribución, comercialización e exhibición audiovisual en lingua galega na provincia da Coruña durante o ano 2026, aos entidades sen ánimo de lucro seguintes:

Solicitudes	Motivo
Solicitante: ACARINO FILMS NIF: B72674609 Cod. Exp.: 2026000008155 Obxecto: Estrea comercial "Diario de Alén Mar"	Desistencia da solicitude presentada pola entidade

Solicitudes	Motivo
Solicitante: ARTYC CONTENT, S.L. NIF: B10742666 Cod. Exp.: 2026000008252 Obxecto: Promoción e distribución de O NENO E A SOMBRA na provincia da Coruña	Non acadar a puntuación mínima esixida nas bases reguladoras.
Solicitante: ARTYC CONTENT, S.L. NIF: B10742666 Cod. Exp.: 2026000008261 Obxecto: Promoción e distribución de MARISA E AS XERBERAS na provincia da Coruña	Non acredita o esixido no Anexo 3 (Concedidas provisionalmente condicionadas) da resolución pola que se aprobou a concesión provisional do Programa FO301/2026
Solicitante: VIDAL FERNANDEZ, JUAN RAMON NIF: 76778728J Cod. Exp.: 2026000007200 Obxecto: Solicitud para a produción, promoción e distribución dunha curtametraxe Documental	Non presenta o filme /documental, o que presenta no seu lugar é un teaser, polo que non se pode valorar. Tamén se lle requeriu a acreditación dos dereitos do documental e volve a presentar a declaración responsable.

Número de solicitudes descartadas: 4

Sétimo.- Publicar a presente resolución de concesión definitiva no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.